

Cangas a 19 de maio de 2026

Estimados pais/nais de alumnos/as:

A Dirección do centro quere informarvos da **ORDE do 29 de abril de 2026** pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2026/27 (código do procedemento ED330B).

Este procedemento comprende:

- a) A participación no fondo solidario de libros de texto do alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria e en 1º, 2º, 3º e 4º de educación secundaria obrigatoria.
- b) A convocatoria de axudas para adquirir libros de texto destinadas ao alumnado matriculado en 1º e 2º de EP, así como as axudas que pode recibir o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que non utilice os libros de texto do fondo desta orde.
- c) A convocatoria de axudas para adquirir material escolar destinadas ao alumnado matriculado en EP e ESO.

As persoas beneficiarias de libros procedentes do fondo solidario do centro ou de axudas para adquirir libros de texto terán as seguintes obrigas:

- a) Devolver os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2025/26. (Está excluído desta obriga o alumnado beneficiario de axuda para adquirir libros de texto de 1º e 2º de EP, agás cando cambie de centro antes do 31 de marzo de 2027, caso en que deberá devolver os libros no centro de orixe e o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo sempre que os libros ou o material adquirido non se poidan reutilizar).
- b) A falta de devolución será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir libros de texto e material escolar no curso 2026/27.
- c) Conservar en bo estado os libros de texto e o material reutilizable recibido do fondo solidario ou adquirido coas axudas para libros de texto no curso escolar 2026/27 e devolvelos ao rematar este no mes de xuño.
- d) Destinar o vale para libros, única e exclusivamente, a adquirir os libros de texto que teña establecido o centro para o alumnado beneficiario.
- e) Destinar o importe do vale para material, única e exclusivamente, a adquirir o material escolar que necesite.
- f) Respetar as obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A solicitude, **Anexo I e Anexo II**, que entregaremos en papel ao alumnado, será **única para todos os fillos** escolarizados no mesmo centro, xunto coa documentación requirida no anexo.

A entrega da documentación realizarase ata o 19 de xuño (inclusive)

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica, mediante o formulario normalizado (ED330B-anexos I e II) dispoñible na aplicación informática

(<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros/>), a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente no centro docente ou en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. No caso de presentarse no centro, o horario será:

- En maio, de 8:00 a 17:00 h.
- En xuño de 8:00 a 14:30 h.

Os prazos para realizar actos de xestión nas diversas modalidades de gratuidade solidaria dos libros de texto son os que se detallan a continuación:

- **9 de xullo:** Publicación de listaxes provisional de solicitudes admitidas e excluídas. As persoas interesadas poderán reclamar o 10 e 13 de xullo.

- **17 de xullo:** Publicación de listaxes definitivas e entrega dos libros de texto de 3º, 4º, 5º e 6º Educación Primaria; 1º, 2º, 3º e 4º ESO. Entrega dos vales para a adquisición de libros de texto (1º e 2º Primaria) e dos vales de material (Primaria e ESO).

Segundo o artigo 28 desta Orde, o centro nunca expedirá un novo vale, en caso de que a persoa beneficiaria ou a librería o extravíen.

Aproveitamos para lembrar que, as familias que o desexen, poden ceder voluntariamente ao fondo solidario do centro os libros de texto que non fosen mercados coas axudas do curso 2025/2026.

Atentamente.

A DIRECCIÓN

